

## V EDICIÓN DOS PREMIOS ISABEL ZENDAL DE PROMOCIÓN DO PENSAMENTO CRÍTICO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA E BACHARELATO

### BASES DA CONVOCATORIA

A Universidade da Coruña, por medio da Unidade de Divulgación Científica e Cultural, e en colaboración co Círculo Escéptico, convoca a V edición dos Premios Isabel Zendal de Promoción do Pensamento Crítico en Educación Secundaria e Bacharelato coa finalidade de promover o pensamento crítico e a cultura científica.

#### Definición e obxecto do concurso

- O concurso ten como obxectivo fomentar a práctica do escepticismo, entendido como o pensamento crítico e racional, ferramenta indispensable para a comprensión do mundo e a toma de decisións na vida diaria, especialmente entre a xuventude, vítima en moitas ocasións do engano, a manipulación e a difusión de noticias e crezas falsas. O xénero literario será o artigo periodístico, a exposición divulgativa dun experimento desenvolvido polo alumnado, o conto ou o relato curto. Os traballos integrarán os valores do pensamento escéptico e científico, a difusión do coñecemento, a perspectiva de xénero, a ciencia e os seus métodos e a refutación das pseudociencias, a loita contra a difusión de enganos e noticias falsas, así como a loita contra as diferentes violencias que se perpetúan a través de loias que atentan contra a dignidade das mulleres, colectivos LGTBI+ ou inmigrantes, entre outros.

#### Requisitos das persoas participantes

- Poderá participar o alumnado escolarizado en centros educativos españois entre 1.º da educación secundaria obrigatoria e 2.º de bacharelato. Establécense dúas categorías de participación: (i) categoría A, para o alumnado de 1.º a 3.º da educación secundaria obrigatoria e FP básica; (ii) categoría B, para o alumnado de 4.º da educación secundaria obrigatoria a 2.º de bacharelato e dos ciclos formativos de grao medio. As persoas participantes deberán entregar traballos individuais totalmente inéditos. Os textos poderán estar escritos en galego ou castelán.

#### Criterios para conceder os premios

- Cada autor ou autora poderá presentar un máximo de dúas obras que deberán ser orixinais e inéditas. Valorarase a creatividade, orixinalidade, adecuación aos valores do pensamento crítico expostos no apartado 1 e a linguaxe utilizada. Os textos non deberán conter ningún tipo de expresión non respectuosa.
- Os autores terán que ser propietarios dos dereitos do texto e das imaxes, ter dereito á súa explotación ou respectar as condicións de uso das licenzas de uso público para evitar posibles reclamacións de terceiros.

Código Seguro De Verificación	+lUxDhLCynPdKjTjEjP5kw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Igualdade, Cultura e Deporte - Cristina López Villar	Asinado	10/03/2023 09:09:51
Observacións		Páxina	1/6
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/+lUxDhLCynPdKjTjEjP5kw==">https://sede.udc.gal/services/validation/+lUxDhLCynPdKjTjEjP5kw==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



## Premios

5. Establécense tres premios para cada modalidade:
- Primeiro premio: 300 euros e unha colección de libros editados polo Servizo de Publicacións da UDC.
  - Segundo premio: 200 euros e unha colección de libros editados polo Servizo de Publicacións da UDC.
  - Terceiro premio: 100 euros e unha colección de libros editados polo Servizo de Publicacións da UDC.

O xurado poderá seleccionar tantos accésits como considere oportuno en función da calidade dos traballos presentados, que serán incluídos nunha publicación recompilatoria editada polo Servizo de Publicacións da UDC. Do mesmo xeito, o xurado poderá declarar deserto calquera dos premios.

O financiamento farase con cargo á partida orzamentaria 17.00.29.00.16 541A 649.02.04 A dotación total para o premio é de **1200 €** e aboarase mediante unha transferencia bancaria a nome da persoa interesada.

6. Todas as persoas premiadas e os seus docentes recibirán un diploma acreditativo.
7. As persoas gañadoras e finalistas autorizan á UDC e ao Círculo Escéptico para que dispoñan dos dereitos de reprodución e divulgación pública, mais sempre facendo constar en todo momento o nome dos autores, o centro de estudos e o nome do profesor ou profesora titor/a do traballo.
8. A entrega de premios terá lugar nunha data por determinar na segunda quincena de maio ou no mes de xuño. Os gañadores do primeiro premio de cada categoría e un dos seus proxenitores, titor/a legal ou a persoa autorizada por estes serán convidados á cerimonia de entrega. O Círculo Escéptico correrá cos seus gastos de aloxamento, manutención e desprazamento desde calquera punto de España.

## Xurado

9. O xurado da V Edición dos Premios Isabel Zandal está formado polos seguintes membros:

### Presidenta:

- Cristina López Villar, vicerreitora de Igualdade, Cultura e Deporte da UDC ou persoa en quen delegue.

### Vogais:

- César González Pérez, presidente do Círculo Escéptico ou persoa en quen delegue.
- María Luísa Castiñeira García, socia de número e membro da xunta directiva do Círculo Escéptico.
- Francisco Armesto Ramón, director técnico do Aquarium Finisterrae.
- Cilha Lourenço Módia, profesora da Facultade de Filoloxía da UDC.
- Susana Ladra González, coordinadora do programa STEMbach da UDC.

### Secretaria:

- M.<sup>a</sup> Cristina Naya Riveiro, coordinadora da Unidade de Divulgación Científica e Cultural.

A resolución do xurado é inapelable e os premios poderán ser declarados desertos, pero non *ex aequo*.

Código Seguro De Verificación	+lUxDhLCynPdKjTjejP5kw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Igualdade, Cultura e Deporte - Cristina López Villar	Asinado	10/03/2023 09:09:51
Observacións		Páxina	2/6
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/+lUxDhLCynPdKjTjejP5kw==">https://sede.udc.gal/services/validation/+lUxDhLCynPdKjTjejP5kw==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



## Limitacións

10. Neste concurso non poderán participar familiares ou alumnado das persoas que forman parte do xurado.

## Presentación das solicitudes

11. As solicitudes presentaranse preferentemente no Rexistro Electrónico da UDC ([https://sede.udc.gal/services/telematic\\_register](https://sede.udc.gal/services/telematic_register), con destino a “Órganos de Goberno” // “Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deportes”), no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (Mestranza, 9, 15001 A Coruña) ou en calquera dos rexistros auxiliares da UDC. Así mesmo, poderán presentarse por calquera dos procedementos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e en caso de utilizar estes procedementos deberase enviar o xustificante ao enderezo de correo electrónico [divulgacion.vicd@udc.gal](mailto:divulgacion.vicd@udc.gal)
12. Para os efectos de presentación e de uso do certificado dixital, o alumnado menor de idade deberá ser representado polo seu pai, a súa nai ou o/a titor/a legal, ou por docentes do centro de estudos ou pola propia Administración do centro.
13. A solicitude por rexistro deberá axustarse ao anexo I que acompaña esta convocatoria e achegarase o DNI da persoa participante (alumno/a) se o tiver (fotocopia, imaxe escaneada ou similar). Tamén deberá enviar o ficheiro dixital que conteña o traballo onde se fará constar o pseudónimo, pero ningún outro dato que permita identificar a persoa participante. No caso de se producir algún erro por causa do tamaño do ficheiro anexo á solicitude, poderase enviar o documento do traballo ao correo [divulgacion.vicd@udc.gal](mailto:divulgacion.vicd@udc.gal) cos datos necesarios para identificar a solicitude. Tamén é preciso cubrir e asinar o anexo II.
14. Os traballos presentaranse en formato dixital, en formatos ODT ou PDF. **O documento deberá incluír o título e o texto sen sinatura e baixo un pseudónimo** e, de ser o caso, imaxes, debuxos, táboas, gráficos etc., e a autoría ou fonte das imaxes empregadas. A extensión do texto será de entre 500 e 1000 palabras para a categoría A e de 1000 a 2000 na categoría B. Cada participante poderá presentar un máximo de dous traballos e empregarse unha linguaxe inclusiva durante a redacción.
15. O prazo de presentación das solicitudes acompañadas dos traballos comeza coa publicación destas bases na Sede Electrónica e remata o día **21 de abril de 2023 ás 14:00 h**. Publicarase unha listaxe de participantes na páxina web da UDC, como tamén os nomes das persoas gañadoras e finalistas.
16. A participación nesta convocatoria implica a aceptación íntegra das bases. Calquera eventualidade non prevista nestas bases será resolta polo xurado.

## Protección de datos

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos, RXPd), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de

Código Seguro De Verificación	+lUxDhLCynPdKjTjTjP5kw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Igualdade, Cultura e Deporte - Cristina López Villar	Asinado	10/03/2023 09:09:51
Observacións		Páxina	3/6
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/+lUxDhLCynPdKjTjTjP5kw==">https://sede.udc.gal/services/validation/+lUxDhLCynPdKjTjTjP5kw==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informámolo/a de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico [secretariaxeral@udc.gal](mailto:secretariaxeral@udc.gal).

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional sétima da LOPD.

A resolución desta convocatoria permanecerá publicada no dito taboleiro. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD. A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderaos exercer da seguinte maneira:

- a) Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que figura na Sede Electrónica da UDC, <<https://sede.udc.gal>>, no apartado “Outros trámites”;
  - b) Mediante unha solicitude por escrito ao responsable do tratamento dos datos (Secretaría Xeral), dirixida ben ao enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña; ben ao correo electrónico <[rpd@udc.gal](mailto:rpd@udc.gal)>. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.
  - c) Mediante unha solicitude por escrito dirixida á persoa delegada de Protección de Datos, ben ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ben ao correo electrónico <[dpd@udc.gal](mailto:dpd@udc.gal)>. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da citada sede electrónica ou os rexistros presenciais da UDC.
- Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

<b>Código Seguro De Verificación</b>	+lUxDhLCynPdKjTjejP5kw==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Vicerr. de Igualdade, Cultura e Deporte - Cristina López Villar	Asinado	10/03/2023 09:09:51
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	4/6
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/+lUxDhLCynPdKjTjejP5kw=">https://sede.udc.gal/services/validation/+lUxDhLCynPdKjTjejP5kw=</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



### ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE

DATOS DA/O REPRESENTANTE*	
NOME E APELIDOS	
TELÉFONO	
CORREO ELECTRÓNICO	
DATOS DA/O PARTICIPANTE	
NOME E APELIDOS	
NIF (anexar copia)	
PSEUDÓNIMO	
CURSO E ETAPA EDUCATIVA	
CORREO ELECTRÓNICO	
TÍTULO DO RELATO, ARTIGO ETC.	
CATEGORÍA	
DATOS DO CENTRO EDUCATIVO	
NOME DO CENTRO	
ENDEREZO POSTAL	
TITOR/A	
TELÉFONO (do centro ou do/a titor/a)	
CORREO ELECTRÓNICO	

\*no caso de que a persoa participante sexa menor de idade.

**Data, nome e sinatura (solicitante ou participante se é maior de idade)**

**M.ª Cristina Naya Riveiro**  
 Coordinadora da Unidade de Divulgación Científica e Cultural  
 Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deportes  
 Correo electrónico: divulgacion.vicd@udc.gal  
 Tel. directo: 88101 4601  
 Universidade da Coruña

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
+lUxDhLCynPdKjTjejP5kw==	Asinado	10/03/2023 09:09:51
Asinado Por	Páxina	5/6
Observacións		
Url De Verificación		
Normativa		



## ANEXO II: CONSENTIMENTO PARA A OBTENCIÓN DE DATOS PERSOAIS: CAPTACIÓN E DIFUSIÓN DE IMAXES

En virtude do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, informamos de que os datos que nos facilite serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa Mestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico [secretariaxeral@udc.gal](mailto:secretariaxeral@udc.gal).

Mediante a sinatura do presente documento, autorizo á Universidade da Coruña á **captación de imaxes e/ou voz (fotografías e vídeos) con motivo da participación no acto de entrega da V EDICIÓN DOS PREMIOS ISABEL ZENDAL**. Así mesmo:

- Autorizo a utilizar os datos tomados en **calquera das contas oficiais das redes sociais da Universidade da Coruña, na súa páxina web, informes internos ou en calquera publicación que esta edite ou publique.**
- Autorizo a que os meus datos sexan cedidos ou comunicados aos seguintes destinatarios: **medios de comunicación locais, autonómicos e nacionais (prensa escrita/dixital, tv e radio).**

Os datos trátanse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante un período de seis anos.

En calquera caso, a persoa interesada terá dereito a solicitar ao/á responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Así mesmo, terá dereito a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís.

Tales dereitos poderanse exercer dalgunha das seguintes formas:

- principalmente, a través do “Formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais”, que se pode cubrir desde a Sede Electrónica da UDC no apartado de “Outros trámites”;
- mediante unha solicitude dirixida ao responsable de tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), ao enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa Mestranza 9, 15001 A Coruña, ou ao correo electrónico [rpd@udc.gal](mailto:rpd@udc.gal); tamén poderá presentarse a solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica ou nos rexistros presenciais da UDC.
- mediante unha solicitude á delegada de protección de datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico [dpd@udc.gal](mailto:dpd@udc.gal); tamén se poderá presentar a solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica ou nos rexistros presenciais da UDC.

Así mesmo, as persoas interesadas terán dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

**Nome e sinatura da persoa que autoriza** (premiado/a, se é menor de idade, nai, pai ou titor/a do premiado/a):

**Lugar e data:**

Código Seguro De Verificación	+lUxDhLCynPdKjTjEjP5kw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Igualdade, Cultura e Deporte - Cristina López Villar	Asinado	10/03/2023 09:09:51
Observacións		Páxina	6/6
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/+lUxDhLCynPdKjTjEjP5kw==">https://sede.udc.gal/services/validation/+lUxDhLCynPdKjTjEjP5kw==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

